

### Produto interior bruto galego e estatal

O PIB galego incrementouse no último trimestre do ano 2016 en 0,8 décimas (0,7 en España<sup>1</sup>), o que leva a un incremento interanual do 3,2%, superior en dúas décimas á media estatal. Con estes valores, o crecemento anual do PIB para o ano 2016 queda fixado de xeito provisional nun 3,2 para o conxunto do Estado e dun 3,1 para Galicia.


Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2012-2016 (\*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16
Galicia		-3,2	-0,4	1,1	2,1	3,1	1,0	0,8	1,2	1,3	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3	3,3	3,2
España		-2,9	-1,7	1,4	3,2	3,2	0,6	1,0	1,7	2,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4	3,2	3

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(\*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 foron recalculados en setembro de 2015 (ver nota de prensa INE do 15.09.2015) rexistrándose valores inferiores aos calculados previamente nos anos 2011a 2013

O gráfico representa a evolución da variación interanual dos PIB galego e estatal dos últimos 20 trimestres. A nivel estatal, e logo de que o dato interanual do PIB mellorara o dato anterior durante os anos 2013 a 2015, no 2016 a velocidade de crecemento do Produto Interior Bruto, se ben se mantén sempre por riba do 3%, vai diminuindo co paso dos trimestres, baixando desde o 3,6% do último trimestre de 2015 ao 3,0% no último trimestre do ano pasado. No que respecta a Galicia, se ben o dato do cuarto trimestre non mellora o do trimestre anterior, como viña ocorrendo desde o terceiro trimestre de 2014, segue a amosar un crecemento porcentual maior ao rexistrado no conxunto do Estado, tal e como xa ocorrera no terceiro trimestre.



### Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No primeiro trimestre de 2017, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución total da poboación activa de -3.000 persoas respecto do trimestre anterior (o -0,2%, en liña co rexistrado no conxunto do Estado), mentres que no intervalo interanual, a poboación activa incrementouse en Galicia en 1.800 persoas (0,2%) o cal contrasta coa evolución a nivel estatal, onde a poboación activa diminuíu en -127.700 persoas (un -0,6% menos que no 1º trimestre de 2016). Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -15.900 persoas (unha redución do -1,5%, máis intensa neste caso que a rexistrada en España, onde foi de -69.800 persoas, o -0,4%). En termos interanuais, a evolución segue a ser positiva, cun incremento do 1,2% e 12.500 persoas ocupadas máis, sendo o dato correspondente para o conxunto do Estado un incremento total 408.700 persoas ocupadas (o 2,3% máis). Tomando como referencia a taxa de ocupación, esta acadou en Galicia o 44,0% no primeiro trimestre, valor inferior en 3,8 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no período de referencia (47,8%). Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2017, o número de persoas en paro en Galicia fíxase en 217.100, un incremento respecto do trimestre anterior do 6,3% (12.900 persoas paradas máis) e a taxa de paro rexistrada para Galicia fica no 17,4%, mentres que a rexistrada en España foi de 18,8% (17.200 persoas en paro máis neste trimestre, para un total de 4.255.000 persoas en paro).

No primeiro trimestre de 2017, o paro rexistrado en Galicia incrementouse con forza en xaneiro respecto ao mes anterior, descendendo con menor intensidade en febreiro e marzo. Por sexos, este comportamento acentúase entre as mulleres respecto aos homes. Por sector de actividade, o incremento do paro de xaneiro débese principalmente ao sector servizos e, en menor medida, ao colectivo de persoas sen emprego anterior. Porén, todos os valores interanuais de paro rexistrado amosan redución en

<sup>1</sup> O indicador adiantado para o PIB estatal do primeiro trimestre de 2017 prevé un incremento do 0,8%.

distinta medida: por riba do -10% na agricultura, a pesca, a industria e na construción (de xeito sobranceiro nesta última, na que o paro reduciuse nun -19% nos últimos 12 meses), e de xeito menos acusado, pero tamén importante, no colectivo de persoas sen emprego anterior e no sector servizos, no que o descenso do paro rexistrado superou o -7% no período de referencia.

No relativo á contratación, no primeiro trimestre do ano asináronse 209.600 contratos novos en Galicia, que supoñen un descenso do -10,4% respecto ao 4º trimestre do 2015, e un incremento dun 9,4% respecto do número de novos contratos no 1º trimestre do ano pasado. Por sectores de actividade, o sector servizos foi o que tivo peor comportamento, cun descenso na contratación que superou o -15%, seguido do sector agrícola pesqueiro, no que o descenso superou o -10%. Nos sectores da construción e da industria a contratación incrementouse neste trimestre en ambos casos por riba do 10%. En termos interanuais, a contratación incrementouse en todos os sectores de actividade, na industria de xeito mas intenso superando o 13% e na construción de xeito máis débil cun 1%. Se atendemos ao tipo de contrato asinado, o dato máis positivo foi o da contratación indefinida, que incrementouse tanto en termos trimestrais, onde foi o único tipo de contrato do que se rexistrou unha variación positiva, como interanuais, onde, se ben se rexistraron datos positivos no número de contratos tanto indefinidos como temporais, os indefinidos acadaron un crecemento máis intenso, en concreto do 18% nos últimos 12 meses.

A variación mes a mes dos datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social no primeiro trimestre de 2017 amosan para Galicia a mesma tendencia que o paro rexistrado: decrecemento da afiliación no mes de xaneiro dun -1,4% con respecto do mes anterior, e crecemento nos meses de febreiro e marzo do 0,3% e do 0,6% respectivamente. Pola contra, os valores interanuais para os tres primeiros meses do ano amosan un crecemento constante no entorno do 2,0%. O comportamento desta variable no ámbito estatal segue a mesma tendencia, aínda que con valores de crecemento da afiliación máis intensos (entre o 3,4% e o 3,5% de media para o trimestre).

#### Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.250,8	-3,0	-0,2	1,8	0,1
España	22.693,3	-52,6	-0,2	-127,7	-0,6

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

#### Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2017

1T 2017	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
<b>TOTAL</b>	<b>212.078</b>	<b>211.924</b>	<b>210.056</b>	<b>6.164</b>	<b>-154</b>	<b>-1.868</b>	<b>3,0%</b>	<b>-0,1%</b>	<b>-0,9%</b>	<b>-24.369</b>	<b>-23.344</b>	<b>-21.741</b>	<b>-10,3%</b>	<b>-9,9%</b>	<b>-9,4%</b>
Homes	96.637	96.196	94.050	2.284	-441	-2.146	2,4%	-0,5%	-2,2%	-13.495	-12.667	-12.746	-12,3%	-11,6%	-11,9%
Mulleres	115.441	115.728	116.006	3.880	287	278	3,5%	0,2%	0,2%	-10.874	-10.677	-8.995	-8,6%	-8,4%	-7,2%
<30 anos	27.188	27.678	27.894	1.076	490	216	4,1%	1,8%	0,8%	-5.745	-5.515	-4.745	-17,4%	-16,6%	-14,5%
entre 30 e 44 anos	76.956	76.622	75.515	2.771	-334	-1.107	3,7%	-0,4%	-1,4%	-12.069	-11.453	-10.577	-13,6%	-13,0%	-12,3%
>44 anos	107.934	107.624	106.647	2.317	-310	-977	2,2%	-0,3%	-0,9%	-6.555	-6.376	-6.419	-5,7%	-5,6%	-5,7%
Agricultura e Pesca	8.240	8.140	7.793	-65	-100	-347	-0,8%	-1,2%	-4,3%	-981	-784	-880	-10,6%	-8,8%	-10,1%
Industria	25.011	25.071	24.349	-488	60	-722	-1,9%	0,2%	-2,9%	-3.524	-2.823	-3.469	-12,3%	-10,1%	-12,5%
Construción	23.515	23.227	22.353	147	-288	-874	0,6%	-1,2%	-3,8%	-5.170	-4.828	-5.238	-18,0%	-17,2%	-19,0%
Servizos	138.884	138.823	138.504	6.465	-61	-319	4,9%	0,0%	-0,2%	-12.922	-13.085	-10.634	-8,5%	-8,6%	-7,1%
Sen emprego anterior	16.428	16.663	17.057	105	235	394	0,6%	1,4%	2,4%	-1.772	-1.824	-1.520	-9,7%	-9,9%	-8,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

#### Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2017

1º Trimestre 2017	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
	<b>TOTAL</b>	<b>209.600</b>	<b>-24.263</b>	<b>-10,4%</b>	<b>17.934</b>
Homes	109.306	-9.489	-8,0%	9.164	9,2%
Mulleres	100.294	-14.774	-12,8%	8.770	9,6%
<30 anos	64.661	-10.763	-14,3%	6.737	11,6%
entre 30 e 44 anos	94.894	-9.450	-9,1%	5.207	5,8%
>44 anos	50.045	-4.050	-7,5%	5.990	13,6%
Indefinido	20.783	2.680	14,8%	3.165	18,0%
Temporal	185.093	-26.227	-12,4%	15.651	9,2%
Prácticas / Formación	1.761	-537	-23,4%	-538	-23,4%
Outros	1.963	-179	-8,4%	-344	-14,9%
Agricultura e Pesca	6.388	-726	-10,2%	525	9,0%
Industria	37.620	3.652	10,8%	4.377	13,2%
Construción	11.863	1.683	16,5%	117	1,0%
Servizos	153.729	-28.872	-15,8%	12.915	9,2%

Fuente: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 1º Trim. 2017

	Afiliacións medias 1º Trim 2017			Variacións											
	xaneiro	febreiro	marzo	mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
				xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	950.747	953.563	959.134	-12.988	2.816	5.571	-1,35%	0,30%	0,58%	19.865	18.026	18.586	2,13%	1,93%	1,98%
España	17.674.175	17.748.255	17.910.007	-174.880	74.080	161.752	-0,98%	0,42%	0,91%	569.818	580.543	604.209	3,33%	3,38%	3,49%

Fuente: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Tal e como xa ocorrera nos trimestres segundo e terceiro de 2016, o número de accidentes leves reduciuse no último trimestre do ano, se ben fíxoo en menor medida; só na construción o descenso rexistrou valores superiores ao -10%, mentres que no sector pesqueiro rexistrouse un incremento moi importante da sinistralidade (o 27.6%). Este mesmo sector, xunto co dos servizos, é o responsable de que os accidentes graves se incrementaran no 4º trimestre de 2014, se ben os descensos dos accidentes na agricultura, industria e na construción fan que este incremento sexa o menor dos últimos trimestres, cun 1,7%. No que atinxe aos accidentes mortais, estes pasaron de 6 no último trimestre de 2015 a 10 no correspondente ao 2016, tendencia marcada polo preocupante comportamento do sector servizos, no que se pasou de dous accidentes mortais a nove.

#### Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 4º Trimestre 2015-2016

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var
Agricultura	289	269	-6,9	21	18	-14,3	0	1	-----	310	288	-7,1
Pesca	185	236	27,6	9	14	55,6	1	0	-100,0	195	250	28,2
Industria	1.788	1.738	-2,8	30	25	-16,7	2	0	-100,0	1.820	1.763	-3,1
Construción	741	656	-11,5	23	20	-13,0	1	0	-100,0	765	676	-11,6
Servizos	3.057	2.962	-3,1	37	45	21,6	2	9	350,0	3.096	3.016	-2,6
<b>Total</b>	<b>6.060</b>	<b>5.861</b>	<b>-3,3</b>	<b>120</b>	<b>122</b>	<b>1,7</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>66,7</b>	<b>6.186</b>	<b>5.993</b>	<b>-3,1</b>

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

#### Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para 2016, en Galicia leváronse a cabo 57 folgas, o que supón un descenso dun -31,3% fronte ás do mesmo período do ano 2015, unha tendencia oposta á que se produciu no conxunto do Estado, onde o número de folgas realizadas incrementouse nun 4,2% no 2016. A repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron en Galicia e España diverxeu aínda máis: en Galicia, o número de persoas traballadoras participantes en folgas diminuíu no ano 2016 nun -41,7% fronte ao incremento do 7,4% observado a nivel estatal. Pola súa banda, as xornadas non traballadas con motivo de folga diminuíron nos dous casos, se ben o fixeron con máis forza en Galicia (un -52,1% en Galicia e un -21,8% en España).

#### Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Decembro 2016

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	57	-26	11.866	-8.476	17.365	-18.865
España	641	26	183.120	12.592	388.912	-108.571

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

#### Expedientes de regulación de emprego

Os datos dos Expedientes de Regulación de Emprego en Galicia para o primeiro trimestre de 2017 indican unha diminución acusada no conxunto dos expedientes tramitados (62 fronte a 196 no período de referencia de 2016, un -68,4%), se ben o comportamento é dispar segundo o sector ou a medida aplicada. Atendendo ao tipo de medida, diminúen notablemente os expedientes por suspensión de contratos, pois o seu número baixa case ata a quinta parte dos presentados en 2016 neste período. Aínda que en menor medida, redúcense tamén de xeito importante os expedientes por redución de xornada (un -42,4%), contrastan co lixeiro incremento observado nos de despedimentos colectivos (un 6,7%). O número de expedientes descende para todos os sectores, pero de xeito moi dispar. O dato máis sobranceiro é a fortísima redución de expedientes de suspensión de contratos no sector pesqueiro (de 124 no ano 2016 a só 4: é a principal responsable do descenso neste período), e os da construción (de 14 a 6, tamén principalmente nos expedientes suspensivos) mentres que os expedientes no sector servizos e industrial descenden de xeito menos pronunciado. No sector agrícola non se iniciaron expedientes neste período.

O número de persoas traballadoras afectadas por estes expedientes reduciuse tamén, tanto para homes como para mulleres. Pasouse de 2.960 persoas afectadas a 651 (un-47,9% menos). Esta redución foi de similar envergadura tanto para os homes como para as mulleres (descensos do -77,3% e do -79,8% respectivamente)

#### Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, 1º Trimestre 2017

	Despidos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	0	1	0,0%	124	4	-96,8%	0	0	0,0%	124	5	-96,0%
Industria	3	5	66,7%	9	9	0,0%	8	5	-37,5%	20	19	-5,0%
Construción	2	1	-50,0%	11	4	-63,6%	1	1	100,0%	14	6	-57,1%
Servizos	5	5	0,0%	9	14	55,6%	24	13	-45,8%	38	32	-15,8%
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>20,0%</b>	<b>153</b>	<b>31</b>	<b>-79,7%</b>	<b>33</b>	<b>19</b>	<b>-42,4%</b>	<b>196</b>	<b>62</b>	<b>-68,4%</b>

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o último trimestre de 2016 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.343,7 € no trimestre (un descenso interanual dun -1,4%); rematado xa o ano 2016, o custo laboral por persoa traballadora e mes mantívose practicamente no valor do 2015 (o incremento rexistrado non alcanza o 0,1%). O valor medio por persoa traballadora e mes dos custos salariais en Galicia foi de 1.759,1 € (un descenso interanual do -0,9%). Porén, a súa variación anual para o conxunto do 2016 foi positiva, cun incremento rexistrado dun 0,4%.

No relativo aos custos por hora efectiva, no 4º trimestre de 2016 acadaron valores moi similares ao do 4º trimestre de 2015. Dado que os custos por persoa traballadora e mes descenderon neste trimestre, mantense a tendencia rexistrada en sete dos últimos oito trimestres, nos que o parámetro de custo por hora efectiva tivo mellor comportamento que o de custo por traballador e mes.

### Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2016

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.242,9	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

## Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No primeiro trimestre de 2017 constituíronse 1.294 sociedades mercantís, dato que representa un incremento do 25,9% no número de sociedades constituídas respecto do trimestre anterior. Estas sociedades se constituíron con máis do dobre do capital que as que se constituíron no trimestre anterior (concretamente, un incremento de capital do 164,9%). Respecto do 1º trimestre de 2016 tamén se amosa incremento no número de sociedades constituídas e no seu capital (incrementos do 1,5% e do 17,9% respectivamente). O número de sociedades que ampliaron capital reduciuse respecto ao trimestre anterior nun -32,2% e incrementouse en termos interanuais un 1,7%, se ben compre destacar neste último caso que o capital incrementado nas sociedades que o fixeron foi significativo con respecto ao observado no primeiro trimestre do ano anterior (o 29,7% máis).

### Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2017

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.294	111.904,4	266	164,9%	19	17,9%
Sociedades que ampliaron capital	419	258.169,3	-102	-57,4%	7	29,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

### Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 1º Trimestre 2017

	1T17	4T16	1T16
Sociedades disoltas	615	422	484
Sociedades que reducion capital	104	71	78
Sociedades en situación concursal	77	70	79

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Respecto da disolución de sociedades mercantís, disolvéronse 193 sociedades máis que no trimestre anterior e 131 sociedades máis que no primeiro trimestre de 2016, mentres que as sociedades que reducion capital se incrementaron respecto aos trimestres de referencia (33 e 26 sociedades máis, respectivamente). Tamén rexistráronse dez procesos de rescisión de empresas, 15 de fusión e 77 entraron en situación concursal (nove menos que no trimestre anterior e dúas menos que no primeiro trimestre de 2015)

## Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Neste trimestre rexistráronse 24 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 80% das mediacións e arbitrajes que tiveron lugar. Tamén no eido da negociación colectiva proseguiu a actividade do Consello, con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios colectivos de sector.

No exercicio da súa función consultiva, a Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu 11 ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: [http://cgrl.xunta.es/g\\_necol2.html](http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html)